

## XORNADA DE BENVIDA – FACULTADE DE INFORMÁTICA

O próximo luns 6 de setembro realizarase unha xornada de benvida **para o alumnado que ingresa por primeira vez en titulacións de grao** na Facultade de Informática. Así, o luns 6 non haberá clase das materias en primeiro curso, pois temos reservado o día para outras actividades.

Unha das principais actividades da xornada de benvida é o **lanzamento do programa de mentoring**, que consiste en que alumnado que xa leva un tempo na Facultade acompañe ao alumnado de novo ingreso na súa ateraxe no centro, mantendo reunións periódicas para resolver as dúbihdas e inquedanzas que poidan ter. Aínda que haberá reunións cos mentores durante todo o curso, o luns 6 celebrarase a primeira delas, polo que o novo alumnado coñecerá aos seus mentores.

A xornada de benvida constará das seguintes actividades:

- *Formación para todo o alumnado de novo ingreso:* de 12:00 a 14:00 celebrarase un curso sobre “**Técnicas de estudio e xestión do tempo**”, co obxectivo de axudarvos a adaptar a vosa forma de estudar e traballar á Universidade. Este curso impartirase a través da plataforma Teams debido ás restricións sanitarias (ao final deste documento tedes instrucións para conectarvos).
- Benvida á Facultade e lanzamento do programa de *mentoring (presencial)*, organizada en dous turnos:
  - **Turno de mañá (para o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática nos grupos de prácticas GEI 1.1 a GEI 3.4):**
    - 10:00 – Benvida do decano (no salón de actos da Facultade, planta 0)
    - 10:30 – Lanzamento do programa de *mentoring*
  - **Turno de tarde (para o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática nos grupos de prácticas GEI 4.1 a 4.4 e 6.1 e para o alumnado do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos)**
    - 16:30 – Benvida do decano (salón de actos)
    - 17:00 – Lanzamento do programa de *mentoring*

No resto deste documento tedes a asignación de mentores para cada grupo de prácticas, e instrucións para consultar o voso grupo de prácticas e para conectarvos ao curso de técnicas de estudio. Por favor, **comproba se ao teu grupo de prácticas lle corresponde o turno de mañá ou o de tarde**, e acude só ao que che corresponda.

### 1. Grupos de prácticas e xuntanzas do programa de *mentoring*

Nas seguintes táboas indícase o horario e aula ao que acudirá cada grupo de prácticas tras a benvida que se celebrará no salón de actos. As táboas interprétanse da seguinte forma:

- Os grupos GEI x.y son os grupos de prácticas do Grao en Enxeñaría Informática, e os grupos GCED x.y son os grupos de prácticas do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos.
- As aulas están numeradas por planta. Por exemplo, A.3.0 é a aula 0 situada na planta 3.

**Estudantes do Grao en Enxeñaría Informática:** Durante estes días poderedes consultar o voso horario e grupo de prácticas en <http://espazos.udc.es>. Por exemplo, se ao consultar o teu horario estás no grupo 1.AXO.21, quere dicir que o teu grupo de prácticas é o GEI 2.1.

**Estudantes do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos:** Durante estes días poderedes consultar o voso horario e grupo de prácticas en <http://espazos.udc.es>. Por exemplo, se ao consultar o teu horario estás no grupo 1.CM.21, quere dicir que o teu grupo de prácticas é o GCED 2.1.

As seguintes táboas mostran as aulas nas que se levarán a cabo as xuntanzas de *mentoring* para cada grupo e os mentores dos mesmos:

#### Turno de mañana – De 10:30 a 11:30

Grupo	Aula	Mentores
GEI 1.1	Laboratorio 1.1	Clara Barrios Hermida Santiago Julio Iglesias Portela
GEI 1.2	Laboratorio 1.2	Óscar Álvarez Rodríguez Lucas Campos Camiña
GEI 1.3	Laboratorio 0.5w	Mar Alonso García Alejandro Dopico Castro
GEI 1.4	Aula 2.4	Marta Guerra Rodríguez Sara García Abel
GEI 2.1	Aula 2.12	Abel Juncal Suárez Alejandro García García
GEI 2.2	Aula 3.0 (frente)	Anxo Sánchez Rouco Marta Martín de Argenta Hernández
GEI 2.3	Aula 3.0 (fondo)	Kevin Millán Cachapoma Luca D'angelo Sabín
GEI 2.4	Aula 3.4 (frente)	Zahira Gómez López Fernando Añón Blanco
GEI 3.1	Aula 3.4 (fondo)	Andrés Abal Aldao Daniel Feito Pin
GEI 3.2	Aula 3.Exam (frente)	Alberto Irigoyen Mallo Sergio Martín Salvador
GEI 3.3	Aula 3.Exam (fondo)	Gean Marcelo Rodríguez Guzmán Juan Baamonde Izquierdo
GEI 3.4	Aula 2.7	Manuel Fernández Ferreiro Martín Corujo Castro

**Turno de tarde – De 17:00 a 18:00**

Grupo	Aula	Mentores
GEI 4.1	Laboratorio 1.1	Leticia Tilve Casadelrey Jorge Rodríguez Rivera
GEI 4.2	Laboratorio 1.2	Rafael Rivero Vilariño Javier Castro Vázquez
GEI 4.3	Laboratorio 0.5w	Nicolás Vázquez Cancela Raul París González
GEI 4.4	Aula 2.4	Manuel Bustabad Alonso Ángel Barral de Jesús Sebastián Alfredo Castro Rampesad
GEI 6.1	Aula 2.5	Santiago Fernández-Noriega Balseiro Roi Santos Ríos José Vilas Taboada
GCED 1.1	Aula 2.6	Laura Placer Picado Brais Klein Otero
GCED 1.2	Aula 3.Exam (frente)	Inés María Veiga Menéndez Noa Carrera Boo
GCED 1.3	Aula 3.Exam (fondo)	Christian Sendón Villar Diego Rivera Carballo

## **2. Curso de técnicas de estudio e xestión do tempo**

De 12:00 a 14:00 impartirase o curso de “Técnicas de estudio e xestión do tempo”, a través da plataforma Teams, unha ferramenta de videoconferencia de Microsoft empregada na Universidade da Coruña. Para poder acceder á sesión:

- Podedes utilizar Teams a través do navegador (<https://teams.microsoft.com>) ou instalando a aplicación no voso ordenador ou dispositivo móvil (<https://www.microsoft.com/es-es/microsoft-365/microsoft-teams/download-app>)
- Teams pediravos usuario e contrasinal para poder entrar. O voso usuario e contrasinal son os da vosa conta de correo oficial da UDC. Por exemplo, se o teu correo é [manolo.fernandez@udc.es](mailto:manolo.fernandez@udc.es) e o voso contrasinal é 19kd0mf5, esas serían as credenciais que tes que usar para entrar en Teams.
- Unha vez dentro de Teams, na sección “Equipos” veredes un grupo chamado “Xornada de benvida 2021”, a través do cal se impartirá o curso.
- Por favor, tratade de acceder á plataforma antes da hora de comezo do curso, para evitar retrasos.

## **3. Contacto**

vicedecanato.organizacion.academica.fic@udc.es